



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Bieito Lobeira Domínguez**, deputado do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa ás comunicacións oficiais emitidas polo Ministerio de Fomento e dirixidas ao Parlamento de Galiza, en perfecto bilingüismo harmónico (español-inglés).

En español e inglés. O galego non existe. De xeito oficial e solemne, o Ministro de Fomento, José Blanco, convida a representantes do Parlamento de Galiza e a outras autoridades galegas á xornada “Por un mar más limpio y seguro” (“For a cleaner and safer sea”), que se celebrará na Coruña o próximo 12 de febreiro (12 de Febrero/12th of January, segundo reza o convite aínda que na nosa modesta e paleta opinión, “febrero” en español correspóndese co inglés “february”) se ben cumpre confirmar a presenza con anterioridade (antes del día 2 de Febrero/before 2nd February). Asina o convite “El Ministro de Fomento”, isto é, “The Ministry of Development”.

Descoñece o BNG o proceso psicoideolóxico e mental que dá pé a que unha persoa oriúnda de Palas de Rei (King’s Cave?), na Galiza, nun contexto sociolingüístico abrumadoramente galego-falante, pase, ao acadar responsabilidades ministeriais en Madrid, a esquecer tan de súpeto o idioma propio do país que o viu nacer, e mesmo a eliminarlle o carácter de lingua oficial no nome –suponse- dun “moderno” cosmopolitismo no que só teñen cabida o inglés e o español.



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza


Mais a comunicación oficial vai aínda alén. O surrealismo chega ao extremo de deturpar a toponimia oficial galega, reconvertendo o orixinal e oficial Fisterra en “Finisterre”, segundo reza a información que publicita a exposición complementaria á “conference” que se celebra ese mesmo día, e que de xeito tan “amábel” como antigalego, ten o honor de nos invitar (tiene el honor de invitar/has the pleasure to invite) o galego (gallego/Galician) José Blanco.

Velaí unha boa proba de bilingüismo harmónico, iso si, en español e inglés (o galego parece non ser apto para convites de tan alto “glamour”) que practica o Goberno español. Intolerancia e negación do propio, fascinación paifoca polo alleo. Auténtico retrato do colonizado.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1.<sup>a</sup>) Considera a Secretaría Xeral de Política Lingüística que este bilingüismo con paulatina introdución do inglés que practica con tanta soltura o Ministro de Fomento será positiva para derrubar as fronteiras e as limitacións dunha cultura que, como a galega, padece tal grao de ensimesmamento que provoca, entre outros, problemas de fanatismo ideolóxico, adoutramento das crianzas e fracaso escolar?

2.<sup>a</sup>) Cre que este comportamento lingüístico será de agrado da tan mentada como indefinida “maioría silenciosa”, coa que o Partido Popular, parece ser, mantén fluída interlocución e certa interpretación da súa opinión univocamente emitida?



OFICINA PARLAMENTAR

**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/02/2010 10:55**  
**Nº Rexistro: 21845**

Data envío: 03/02/2010 10:55:08.069

3.<sup>a</sup>) Ten previsto a Secretaría Xeral de Política Lingüística parabenizar ao Ministerio de Fomento por esta mostra de infinito galeguismo amábel (que non estéril nacionalismo de confrontación) que emana tanto desta como doutras actuacións en materia toponímica deste departamento do Goberno español que rescata, en sinalizacións de estradas galegas, nomes tan evocadores como os de La Coruña, La Estrada, Puentecesures, Noya, La Guardia, Villagarcía de Arosa, etc.?

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Deputado do G.P. do BNG.

**Asinado dixitalmente por:**

**Bieito Lobeira Domínguez na data 03/02/2010 10:52:42**